



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



**HT**  
Herald Toupeiras  
Estamos X ti



# News Semanais

*Do 2 ao 7 de maio*

# 2016

# INDICE:

1. FACENDA FULMINA A CARREIRA ADMINISTRATIVA DOS FUNCIONARIOS DA XUNTA SÓ PARA BENEFICIAR A PERSOAS CONCRETAS
2. A ADMINISTRACIÓN, ÚNICO SECTOR QUE PERDE MILES DE COTIZANTES, MÁIS DE 39.000 NO ÚLTIMO ANO
3. A XUNTA OCULTA Á POBOACIÓN OS RISCOS PARA A SAÚDE NOS CASOS DE AUGA NON APTA PARA O CONSUMO
4. ALARMA EN LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO: CADA CUATRO DÍAS SE PRODUCE UNA AGRESIÓN FÍSICA A UN EMPLEADO PÚBLICO
5. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS - 4 DE MAIO
6. INFORME REUNIÓN CON SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO RURAL - 4 DE MAYO
7. OS AXENTES FORESTAIS DENUNCIAN QUE O DISPOSITIVO NON ESTÁ PREPARADO PARA UNHA CAMPAÑA DE LUMES COMPLICADA
8. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA
9. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
10. OUTRAS NOVAS: RPT IET, XORNADAS SEGURIDADE PÚBLICA, FORMACIÓN, BONO CONCILIA, CALENDARIO LABORAL 2017
11. THE WEEKLY PRESS



sumando



## 1. FACENDA FULMINA A CARREIRA ADMINISTRATIVA DOS FUNCIONARIOS DA XUNTA SÓ PARA BENEFICIAR A PERSOAS CONCRETAS

### NOVO 'MACHETAZO' DE FUNCIÓN PÚBLICA AOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS

**Cunha decisión ao máis puro estilo "chavista", a Consellería de Facenda fulmina a carreira administrativa dos funcionarios da Xunta só para beneficiar a persoas concretas.**

#### O fin da carreira administrativa:

No que pode calificarse como unha das decisións máis arbitrarias, irracionais e inxustas adoptadas polo goberno galego nestes últimos oito anos, o Director Xeral de Función Pública "decretou" que a antigüidade dun funcionario na Administración non ten preferencia nin se valora á hora de ser readscrito o outro posto con cambio de centro de traballo.

Nunha tensa Comisión de Persoal celebrada o pasado 3 de maio de 2016, abordamos, entre outros temas, cambios de adscricións de postos que implican cambios de centro de traballo. É dicir, unha mobilidade forzosa e encuberta, xustificada pola "racionalidade e optimización dos recursos humanos". Todo elo no ámbito da Consellería de Educación e para persoal funcionario non docente.

Ante o rexeitamento de gran parte dos funcionarios a asumir ese cambio forzoso de centro, tanto CSI•F como CC.OO e UGT consideramos que, a falta doutro criterio previamente negociado, debería de primar á hora de elixir a preferencia do funcionario con maior antigüidade no corpo ou escala e non aquel que leva máis tempo ocupando un determinado posto de traballo, que é a proposta da Administración. En todo caso, tería que aplicarse por analoxía os criterios establecidos na Lei de Emprego Público para a reasignación de efectivos (art. 103)

A decisión de Función Pública supón na práctica que **un funcionario que teña unha antigüidade de 20 anos no corpo ou escala e exerza o seu máis lexítimo dereito a concursar a outro posto de traballo noutra unidade administrativa vaise a atopar que outro funcionario desa nova unidade con 2 anos de antigüidade terá máis dereitos que el en casos de mobilidade forzosa.**

#### O nepotismo ao máis puro estilo bolivariano:

A arbitrariedade é aínda de maior gravidade porque esta decisión adoptada en contra da maioría sindical e que racha coa esencia da carreira administrativa ten como único obxectivo favorecer a un/a funcionario/a en concreto. De feito, foi o propio Director Xeral de Función Pública quen non dubidou en afirmar *que o criterio que agora impoñía podería mudalo en sucesivas ocasións*. É dicir, pública e implicitamente recoñeceu que as pautas en materia de Función Pública varían en función de que beneficien ou non a unha persoa en concreto aínda que con elo se prexudique ao resto do colectivo.

#### Fundamento dos criterios de Función Pública:

Para argumentar a mobilidade forzosa por vía da modificación de prazas a centros de traballo distintos aos obtidos por concurso, Función Pública segue os mesmos criterios que os establecidos pola xurisprudencia para amortizar prazas de persoal laboral temporal, o que amosa claramente o baixo concepto que se ten do funcionario de carreira e da propia carreira administrativa.

#### A decisión política:

Se ben é o Director Xeral de Función Pública quen preside á Comisión de Persoal, faino en representación e por delegación do propio responsable de Facenda, o que significa que esta decisión arbitraria e cun fin meramente nepotista ou ben parte do Conselleiro ou é avalada por el, aínda que é instrumentalizada polo Director Xeral de Función Pública.

## 2. A ADMINISTRACIÓN, ÚNICO SECTOR QUE PERDE MILES DE COTIZANTES, MÁIS DE 39.000 NO ÚLTIMO ANO

### CSIF reclama aos partidos un acordo xeral para garantir a viabilidade das administracións, ante o envellecemento de persoais

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), sindicato máis representativo nas administracións públicas, valora de xeito positivo o descenso nas cifras do paro coñecidas hoxe, aínda que, o carácter estacional e a precariedade dos novos contratos de traballo, evidencian a debilidade das nosas políticas de emprego.

No entanto, CSIF chama a atención porque fronte a tendencia xeral de crecemento, **a Administración Pública arrastra un déficit de 39.167 empregos, fronte a abril do ano pasado**. Así, é practicamente o único sector onde a tendencia é á baixa, cun descenso do 3,73 por cento no número de postos de traballo, respecto ao mesmo período de 2015.

Admón. Pública e Defensa, SS.SS. obrigatoria	1.010.374	2.621	0,26%	-39167	-3,73%
--	-----------	-------	-------	--------	--------

CSIF considera que **esta situación débese fundamentalmente ao envellecemento do persoal e á práctica conxelación das ofertas públicas de emprego público producida ao longo dos últimos anos**.

Na Administración Xeral do Estado, o 60 por cento do persoal ten máis de 50 anos, destes 26.000 xubiláranse de xeito inminente e 119.500 en 10-15 anos, agravando aínda máis o problema dos persoais, o incremento da carga de traballo e os niveis de calidade na asistencia aos cidadáns.

Neste sentido, coincidindo co inicio dunha nova campaña electoral, **CSIF manterá unha reunión coas diferentes formacións políticas para que tomen conciencia desta situación e impulsen un acordo xeral que garanta a viabilidade das administracións** e estableza boas prácticas na xestión para desterrar os erros que se cometeron durante a crise.



## 3. A XUNTA OCULTA Á POBOACIÓN OS RISCOS PARA A SAÚDE NOS CASOS DE AUGA NON APTA PARA O CONSUMO

Radio Voz entrevista a Manuel Piñeiro, delegado de CSI-F, sobre o anuncio e os motivos da folga que o colectivo de Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública (FISP) anunciou para o **18 de maio**. Denuncian que a Consellería Sanidade pon en risco a saúde dos galegos ao recortar tanto o persoal, un 38% , como o material destinado a este servizo.

**Manuel Piñeiro (CSI-F): "Só nos queda ir á folga e dar a alarma da grave situación para a cidadanía"**

**Datas da folga convocada por CSI-F, CCOO, UGT e CIG**

**A partir do día 18 deste mes de maio, ás 00.00 horas, e desenvolverase todos os luns, martes e mércores de todas as semanas de xeito indefinido.**

## Os motivos:

Reivindicar unha maior responsabilidade sanitaria que evite riscos á poboación galega pola redución do personal e da perioricidade no número de inspeccións. O servizo está cuberto por 62 profesionais para toda Galicia cando en 2006 contaba con 100 prazas, é dicir, reducíronse un 38%. Só o número de establecementos a revisar ascende a 9.000.

**Hai que resaltar que malia ser obrigatorio, a maioría das situacións de risco para a saúde non son comunicadas** á poboación. Así, é habitual que a cidadanía descoñeza a existencia de abastecementos que suministran 'auga non apta para o consumo', piscinas que incumpren os parámetros de calidade do auga, zonas de baño contaminadas sen ningún tipo de sinalización nin vixilancia, colexios, guarderías, balnearios e termas públicas sen control sanitario, velorios e tanatorios 'ilegais', casos de legionelosis, **e infinidade de fontes públicas e traídas vecinales que non están sometidas a ningún tipo de análise nin control.**

## Antecedentes:

A protesta dos FISP en 2015 ante a Consellería de Sanidade tras as importantes alertas ambientais xurdidas este verán en Galicia (auga de Ferrol e legionella en Lugo), e máis recentemente a intoxicación de máis dun centenar de persoas de dous clubs de baloncesto no Salnés. Sanidade lonxe de mellorar a situación reduce máis a perioricidade no número de inspeccións a realizar.

**O traballo dos FISP para velar pola vixilancia da saúde pública ambiental, céntrase en:**

- Auga de abastecementos: municipais, propios e veciñais, asegurando a calidade do auga que beben todos os cidadáns.
- Praias, asegurando a calidade do auga do baño (programa europeo).
- Piscinas, spas, jacuzzis e inspeccións nos sistemas de auga quente sanitaria de hoteis, gimnasios, piscinas, hospitais, residencias da 3ª idade e torres de refrigeración ou condensadores evaporativos en industrias, centros comerciais..., para poder controlar a legionella.
- Centros de tatuaxe, piercing e micropigmentación, para asegurar que se realizan con tintas autorizadas e que os tatuadores teñan a formación e vacunación adecuada, velando pola saúde dos cidadáns que requiren estes servizos (moi de moda entre a poboación máis nova).
- Vixilancia en albergues do Camiño de Santiago, que cada vez son elixidos por un maior número de peregrinos todo o ano.
- Control de biocidas, produtos químicos, que se utilizan en piscinas, tratamentos de DDD...para asegurar que non só se utilizan produtos autorizados polo Ministerio senón que as empresas os empregan nas condicións adecuadas.
- Denuncias que presentan os cidadáns (tabaco, chinches, condicións de insalubridade...).



## 4. ALARMA EN LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO: CADA CUATRO DÍAS SE PRODUCE UNA AGRESIÓN FÍSICA A UN EMPLEADO PÚBLICO

- **Función Pública actualiza los datos:** Entre 2014 y 2015 se registraron 895 situaciones violentas, con un incremento del 33 por ciento
- **Empleo comienza a instalar un 'botón SOS' en los ordenadores y difunde en sus oficinas carteles con la prohibición de agredir a los empleados**

La **Dirección General de Función Pública** ha activado las alarmas ante el incremento en el número de amenazas y agresiones físicas sobre los empleados públicos que trabajan de cara al público en la Administración General del Estado, a lo largo de los dos últimos años.

La **Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)**, sindicato más representativo en las administraciones públicas y con presencia creciente en el sector privado, participó este jueves en la Comisión Técnica de Riesgos Laborales donde se presentó un informe que actualiza los datos adelantados el pasado mes de abril con agresiones registradas en otros organismos de la Administración, además de las oficinas de empleo, y que revela la gravedad de la situación:

- **En 2015 se produjeron 539 casos de amenazas y agresiones físicas** sobre los empleados públicos, de las cuales 78 casos fueron con violencia física.
- Esto supone que **cada cuatro días se produce una agresión física** (golpe, empujón, zarandeo...)
- **Las agresiones físicas registradas son el doble que el año anterior (cuando se produjeron 39).**
- **A nivel global sumando el número de agresiones físicas y verbales, entre 2014 y 2015 se han registrado 895 situaciones violentas (más de una al día),** con un incremento del 33 por ciento entre ambos periodos.

TIPO DE ACTIVIDAD	NÚMERO DE CASOS				
	VIOLENCIA VERBAL	VIOLENCIA FÍSICA			
		SIN LESIÓN	LEVES	GRAVES	MORTALES
ATENCIÓN AL PÚBLICO	353	31	6	1	
INSPECCIÓN/VIGILANCIA NORMATIVA	50	21	3	1	
VIGILANCIA/ATENCIÓN PERSONAS	1	0	3		
ACTIVIDADES DOCENTES	1				
ACTIVIDADES SANITARIAS	19	6			
OTRAS	37	5	1		

**Estos datos no recogen la situación de Instituciones** Penitenciarias donde la Administración todavía se sigue negando a extender un protocolo específico, pese a que así lo acordó con los sindicatos el año pasado. CSIF ha vuelto a exigir la inclusión de los funcionarios de prisiones en este modelo de prevención.

La grave situación de paro que afrontan los españoles hace **de las oficinas de empleo el principal punto caliente**, con el 80 por ciento de las denuncias en atención al público. El resto de los casos se concentran en otros siete organismos: Seguridad Social, Inspección de Trabajo, Instituto Nacional de Estadística, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Delegaciones del Gobierno y la Dirección General de Tráfico.

Ante esta grave situación, la Administración pondrá en marcha **un Plan de Prevención y Actuación ante la Violencia Laboral**, en la que se divulgará los recursos existentes (protocolo de actuación, póliza de seguro de defensa jurídica para empleados del Servicio Público de Empleo Estatal).

## 'BOTÓN SOS' ANTIPÁNICO

Este Plan incluye la instalación en los ordenadores de las oficinas de empleo de un **'botón SOS antipánico'**, un programa informático con la finalidad de lanzar un aviso a los compañeros indicando una posible situación de peligro. La Dirección General del SEPE comienza este mes a instalarlo de manera paulatina a modo de proyecto piloto.

El aviso se activa pulsando la combinación de teclas Ctrl+F9. CSIF reclama simplificar el procedimiento con el fin de activar la alarma con un click del ratón del ordenador.

Asimismo se ha preparado una guía con indicaciones sobre los tipos de agresiones que no se deben permitir bajo ningún concepto, consejos para identificar los indicios de agresividad en el usuario, gestionar los conflictos, protegerse si la violencia va en aumento, tácticas verbales o no verbales y consejos jurídicos para los casos en los que lamentablemente resulte agredido.



## AVISO

Se informa que ante cualquier amenaza o agresión física o verbal hacia su personal, la Dirección General de este Organismo podrá cursar la pertinente denuncia por la vía penal.

Además, la Administración ha preparado carteles específicos que situará a la vista de los usuarios en las oficinas, donde de manera explícita se recuerda la prohibición de agredir a los empleados públicos, avisando de las consecuencias legales que puede tener esta práctica. Asimismo, los carteles piden respeto a los trabajadores y prohíben el uso de cámaras o dispositivos móviles para amenazar o posteriormente atentar contra la intimidad del empleado público en redes sociales.



## CONCLUSIONES GENERALES

Ante esta situación, desde la **Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)** reclamamos:

1. Reforzar las plantillas.
2. Que la violencia sea contemplada como un objeto de la acción preventiva, haya o no antecedentes de la misma, en el marco de un protocolo para el conjunto de las administraciones públicas, incluido Instituciones Penitenciarias.
3. Una formación adecuada para la detección de las situaciones violentas, la protección y el manejo de conflictos.
4. Incremento de las medidas de protección.
5. Promover una campaña ciudadana que promueva la dignificación del trabajo del empleado público, el rechazo a la agresión y en definitiva una cultura de tolerancia cero hacia la violencia contra los empleados públicos.
6. Considerar al empleado de las administraciones como agente de la autoridad pública, tal y como sucede con los cuerpos y fuerzas de seguridad del Estado, el personal docente y el sanitario, con el fin de que el testimonio sea válido como prueba ante una agresión.
7. Inclusión del personal de Instituciones Penitenciarias en el Protocolo de Agresiones.
8. Incluir en el protocolo las agresiones internas (agresiones de compañeros de trabajo).
9. Sensibilizar a los responsables de los centros de trabajo.
10. Grabación de llamadas telefónicas.

## 5. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS - 4 DE MAIO

Constitución da comisión de seguimento sobre a aplicación das instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas aprobadas por resolución do 24 de febreiro de 2016.

Reunida a citada comisión o 4 de Maio do 2016 as 11:45 horas na sede da Xunta de Galicia en San Caetano.

Asistiron pola administración: director xeral da Función Pública, subdirector xeral da Función Pública, representantes das consellerías de Política Social, do Medio Rural e de Cultura, Educación e O.U.

Polas organizacións sindicais: CSIF, CC.OO, CIG e UGT

Na dita reunión tratáronse os seguintes asuntos que relacionamos a continuación.

### 1. Aclaración do valor das "X" nos cuadrantes do persoal das consellería de Política Social.

Pola parte da secretaría xeral técnica da Consellería de Política social e da dirección xeral de función pública entenden que as "X" deben considerarse como días hábiles a efectos de computo de vacacións e permisos.

Dende CSIF e as demais organizacións sindicais presentes insistimos que o valor das "X" debe considerarse como días inhábiles e ante a insistencia desta solicitude o director xeral de función pública comprometése a estudar dito requirimentos e darnos contestación na maior brevidade posible.

### 2.-Problemática xerada pola interpretación do descanso dos días 24 e 31 de decembro para o persoal a quendas.

Pola administración contestan que aplicarase integramente o que din as instrucións de vacacións e permisos para todo o persoal, pero sen deixar claro de que forma se aplica ao persoal a quendas.

Ante a reiterada insistencia polas organizacións sindicais solicitando que o persoal que traballe a quendas goce de dous días mais de asuntos persoais, traballe ou non traballe ditos días. O director xeral da función pública se compromete a valorar dita petición e promete dar resposta a mesma a igual que o punto anterior.

3.-En canto ao **goce independente de 6 días hábiles** que poderán acumularse aos asuntos particulares, pola parte sindical se solicita que ditos días no teña que solicitarse ante do 31 de marzo e que se permita solicitalos con posterioridade a dita fecha e con antelación suficiente para a súa cobertura.

A administración responde que non pensa cambiar o redactado nas instrucións, xa que non e posible por razóns organizativas da coberturas con persoal, de ditos días, nas distintas conselleiras e que suficiente o prazo do 31 de marzo para dita solicitude.

Neste punto a parte sindical pide coñecer o cuadrante do mes de xaneiro do 2017 xa que as instrucións recoñecen o goce das vacacións ata o mes de xaneiro do 2017.

A administración responde que se estudara dita proposta.

4.-No **permiso por falecemento** solicitamos que no caso que o falecemento dun familiar ocorra no estranxeiro o nun lugar afastado do domicilio do traballador o permiso poida gozarse de forma discontinua o que comece a gozarse do permiso co tempo suficiente para que o familiar falecido do traballador chegue do estranxeiro.

A administración comprometése a estudar dita solicitude a pesar de que en principio a ve factible.

Solicitamos novamente a unificación de criterios da interpretación das instrucións e evitar así agravios comparativos entre os traballadores e as traballadoras das distintas conselleiras.

Santiago, 4 de maio do 2016



## 6. INFORME REUNIÓN CON SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO RURAL - 4 DE MAYO

CSI•F informa que en la reunión celebrada el 4 de mayo de 2016, entre la Secretaria Xeral Técnica de la Consellería de Medio Rural y las organizaciones sindicales, se han tratado los siguientes temas:

### COBERTURA DE PLAZAS

La Secretaria nos ha comunicado que existen, en la actualidad, 127 plazas sin cubrir (vacantes y no vacantes), de las cuales se ha comprometido a realizar una cobertura real y efectiva de un mínimo del 50%, **(con independencia del número de adscripciones concedidas, y del paso de trabajadores de plazas no vacantes a plazas vacantes, se incrementará el personal contratado en el mismo número que las plazas anunciadas para su cobertura)** y que en base al crédito existente estudian la posibilidad de ampliar esta cobertura. Desde **CSIF seguimos insistiendo en la necesidad de que se cubran el 100% de las plazas.**

La cobertura de plazas se hará simultáneamente en las 4 provincias, de acuerdo con el siguiente cronograma.

## Cronograma previsto por la Consellería para la cobertura de plazas del SPDCIF

<b>13 mayo</b>	Actualización listas decreto con los resultados de las pruebas físicas y visuales
<b>11 al 18 mayo</b>	Publicación en la web de las plazas que se ofertan para su cobertura mediante <b>adscripción temporal y en funciones de superior categoría</b> , y plazo para la presentación de solicitudes.
<b>03 junio</b>	Gestión simultánea en las 4 provincias <b>de llamamientos a listas para plazas VACANTES</b> (envío de cartas con las citaciones para el acto de elección del día 9 de junio)
<b>09 junio</b>	Acto de <b>elección de las plazas VACANTES</b> ofertadas en los llamamientos a listas
<b>17 junio</b>	Gestión simultánea de <b>llamamientos a listas para plazas NO VACANTES</b> (envío de cartas con las citaciones para el acto de elección del día 23 de junio)
<b>23 junio</b>	Acto de <b>elección de las plazas NO VACANTES</b> ofertadas en los llamamientos a listas
<b>30 junio</b>	<b>Firma de los contratos</b> de las plazas VACANTES y NO VACANTES

### ADSCRIPCIONES TEMPORALES Y TRABAJOS DE SUPERIOR CATEGORÍA

Defendemos que el **criterio de antigüedad en las AAPP para la oferta de adscripciones sean homogéneos en las 4 provincias**, y pedimos que se contabilice en base a los meses de prestación efectiva de servicios (al igual que se barema la antigüedad en los concursos de traslados), y no en base a los trienios.

### INCORPORACIÓN DEL PERSONAL FIJO DISCONTINUO

La Secretaria nos transmite un compromiso para el preaviso con 15 días de antelación a la reincorporación de los trabajadores discontinuos. **CSIF EXIGE LA FIRMA DE UN COMPROMISO POR ESCRITO.**

### CONTRATOS DE LOS TRABAJADORES FIJOS DISCONTINUOS DE 3 MESES

La Secretaria nos pide a las OOSS algo más de tiempo para buscar soluciones a los perjuicios que los contratos a los fijos discontinuos de 3 meses les están generando ante la Seguridad Social y ante el SEPE.

### BOMBEROS FORESTALES

Hemos trasladado la situación de bloqueo por parte de la Consellería de Facenda en el proceso para el cambio de denominación a BOMBERO FORESTAL, y solicitamos a la Consellería de Medio Rural que ejerza de mediadora para desbloquear la situación.

## 7. OS AXENTES FORESTAIS DENUNCIAN QUE O DISPOSITIVO NON ESTÁ PREPARADO PARA UNHA CAMPAÑA DE LUMES COMPLICADA

**Piques de cumprir 10 anos da fatídica campaña do 2006** onde os incendios forestais arrasaron os montes galegos, os Axentes Medioambientais anuncian unha campaña de verán complicada.

Estes profesionais afirman que o dispositivo non está preparado para afrontar unha vaga de incendios forestais como os que se viviron nese triste verán. No lugar de profesionalizar o dispositivo único e público, volven a denunciar que se atopan no monte con empresas privadas, brigadas municipais, empresas semipúblicas, Protección Civil, militares, Bombeiros profesionais, etc..., todos eles baixo a responsabilidade dos Axentes Medioambientais nos incendios forestais.

Todo este abano con diferentes medios fan pensar que **a Xunta de Galicia está derivando a súas responsabilidades cara ás empresas privadas e outras administracións públicas, e descargando a extinción dos lumes en medios alleos á Administración galega**, como é o caso da UME.

O anuncio dunha campaña complicada está avalada pola ampla experiencia dos Axentes Medioambientais, xa que son os que dirixen a extinción do 99% dos lumes de Galicia. Condicións climatolóxicas adversas, vento forte do nordés e previsións de bo tempo fan que en pleno mes de maio se produzan incendios coma os acontecidos neste fin de semana pasado. Lumes coma o do concello coruñés de Negreira que debido ás circunstancias climatolóxicas antes anunciadas propiciou que superara as 50 has.

Ademais diste sucedéronse nesa mesma fin de semana lumes de menor importancia, coma foi o caso dos ocorridos nos concellos coruñeses de Lousame, Santiago e Cedeira e nos concellos pontevedreses de A Cañiza e Covelo.

Estes lumes amosan a alta actividade incendiaria que se ben dando asociada ao bo tempo. Os Axentes Medioambientais pídenlle ao Goberno autonómico que aumente o número de efectivos para poder afrontar unha previsible campaña complicada, unha volta cara a un modelo público e profesional de extinción, así como unha suficiente e operativa dotación de medios. Recordan que o dispositivo contra incendios está mermado, piden que cubran as xubilacións e as baixas do persoal laboral e funcionario do SPDCIF, que é o que soporta o maior número de incendios de toda a península, especialmente o caso da provincia de Ourense.

**Os Axentes Medioambientais pídenlle a cidadanía que denuncie a actividade incendiaria.**



## 8. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA

[Orde do 12 de abril de 2016 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, \*\*escala superior de estatísticos\*\*.](#)

[Resolución do 27 de abril de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, \*\*escala de enxeñeiros/as, especialidade de enxeñaría de minas\*\*, convocado](#)

[pola Orde do 9 de maio de 2014 \(Diario Oficial de Galicia número 99, do 26 de maio\), pola que se dá publicidade de diversos acordos.](#)

[Orde do 12 de abril de 2016 pola que se convocan os procesos selectivos para o ingreso no corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, \*\*escala de ciencias, especialidades de química e bioloxía e escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría industrial.\*\*](#)

[Orde do 12 de abril de 2016 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, \*\*escala de letrados.\*\*](#)

[Orde do 12 de abril de 2016 pola que se convoca proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de ciencias, \*\*especialidade de química.\*\*](#)

[Orde do 12 de abril de 2016 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de \*\*enxeñaría técnica industrial.\*\*](#)

[Orde do 27 de abril de 2016 pola que se modifica a composición do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de \*\*promoción interna\*\*, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, \*\*subgrupo C1.\*\*](#)

Segundo nos traslada a Administración, ao longo do luns colgarase na web da Xunta a data prevista e prazas das eleccións de destino das seguintes escalas:

- (destino provisional) Corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A1, escala de arqueólogos**
- Proceso selectivo extraordinario de consolidación. Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A2**, escala de enxeñeiros/as técnicos/as, especialidade de **enxeñaría técnica industrial**
- Execución de sentenza. Corpo de xestión de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A2, escala de inspección turística**

## 9. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Concello	Boletín	Data	Denominacións dos postos	Nº	Requisitos	Prazo
<a href="#">AMES</a>	BOPAC	4-M	Vixiantes piscina	6	Ver bases	5 días hábiles
<a href="#">BARALLA</a>	BOPLU	4-M	Auxiliar axuda no fogar	Bolsa 2	Preme aquí	8 días hábiles
<a href="#">O BARCO DE V.</a>	BOPOU	5-M	Policía local (1)	2	Ver bases	20 días naturais
<a href="#">A BOLA</a>	BOPOU	5-M	Chofer transporte social	1	Ver bases no concello	3 días naturais
<a href="#">BUEU</a>	BOPPO	2-M	Socorristas	9	Ver bases	5 días hábiles
<a href="#">ESGOS</a>	BOPOU	5-M	Lector de contadores de auga Auxiliar de axuda a domicilio Socorristas Vendedores/ as de billetes /limpador-a.	1 1 2 2	Ver bases no concello	5 días hábiles
<a href="#">GONDOMAR</a>	BOPPO	5-M	Tco. Admón. xeral (A1)	1	Ver bases	10 días naturais

<a href="#">LUGO</a>	BOPLU	3-M	Técnicos de xardín infancia		Ver bases	10 días naturais
<a href="#">LUGO</a>	BOPLU	3-M	Auxiliar Admón. Xeral		Ver bases	10 días naturais
<a href="#">MEAÑO</a>	BOE	5-M	Oficial de policía local	1	Ver bases	20 días naturais
<a href="#">POL</a>	BOPLU	3-M	Auxiliar axuda no fogar	Bolsa	Ver bases	10 días naturais
<a href="#">PONTEDEUME</a>	BOPAC	2-M	Auxiliares policía local	4	Ver bases	7 días naturais
<a href="#">PONTEDEUME</a>	BOPAC	2-M	Conductor	1	ESO, Permiso C	7 días naturais
<a href="#">PONTEDEUME</a>	BOPAC	2-M	Administrativo (C1)	1	Ver bases	5 días naturais
<a href="#">PORTO DO SON</a>	BOPAC	5-M	Auxiliar administrativo	Bolsa	ESO, Celga 4	10 días naturais
<a href="#">REDONDELA</a>	BOPPO	3-M	Inspector policía local	1	Ver bases	20 días naturais
<a href="#">REDONDELA</a>	BOPPO	3-M	Mestres de música	10	Ver bases	20 días naturais
<a href="#">RIBEIRA DE PIQUÍN</a>	BOPLU	7-M	1 Administrativo (C1)	1	Bacharelato ou técnico	10 días naturais
<a href="#">SADA</a>	BOPAC	6-M	Policías locais	3	Ver bases	3 días hábiles
<a href="#">SAMOS</a>	BOPLU	7-M	Mantemento e conservación Atención e información Peón servizos múltiples Informador turístico	1 1 1 1	Ver bases na web do concello	5 días naturais
<a href="#">SOBER</a>	BOPLU	7-M	Auxiliar de deportes Peón de Servizos múltiples Auxiliar de viticultura.		Ver bases na web do concello	10 días naturais
<a href="#">Mancomunidad e Terra de Celanova</a>	BOPOU	4-M	Creación bolsa de emprego	Bolsa		15 días hábiles
<a href="#">DEPUTACIÓN PONTEVEDRA</a>	BOPPO	2-M	Bolsas práctica laboral oficinas de turismo	15	Ver bases	10 días hábiles
Concello	Boletín	Data	Tipo	Persoal	Denominación postos OEP	
<a href="#">ABEGONDO</a>	BOPAC	6-M	OEP	<b>Funcionario</b>	1 Arquitecto 1 Arquitecto técnico	
				<b>Laboral</b>	1 Técnico de medioambiente 1 Técnico de servizos sociais 1 Oficial 1 Operario	
<a href="#">BAIONA</a>	BOPPO	6-M	OEP	<b>Funcionario</b>	1 Axente de policía local 1 Traballadora social	
				<b>Laboral</b>	1 Operario de servizos varios - pavi. 2 Operarios servizos varios - resid. 1 Conserxe-ordenanza	
<a href="#">A ESTRADA</a>	BOPPO	6-M	OEP	<b>Funcionario</b>	1 Conserxe colexio 1 Auxiliar notificación intervención 1 Auxiliar tesourería 1 Policía local 1 Encargado saneamento	

					1 Operario saneamento 1 Axud-Conserxe praza
				<b>Laboral</b>	1 Conserxe edificio usos múltiples
<a href="#">REDONDELA</a>	DOG	2-M	OEP	<b>Funcionario</b>	1 praza de oficial carpinteiro/a 1 praza de auxiliar administrativo/a
				<b>Laboral</b>	1 praza de técnico/a da muller 1 praza de técnico/a de normalización lingüística 1 praza de oficial de medio ambiente 1 praza de operario/a de limpeza
<a href="#">RIBEIRA DE PIQUÍN</a>	BOPLU	7-M	OEP	<b>Funcionario</b>	1 Administrativo 1 Alguacil portero
<a href="#">VIGO</a>	DOG	6-M	OEP	<b>Funcionario</b>	2 Técnico/a Administración xeral rama xurídica 1 Administrativo/a Administración xeral 6 Auxiliar Administración xeral 1 Subalterno/a 1 Enxeñeiro/a de camiños 1 Enxeñeiro/a industrial 1 Arquitecto/a técnico/a aparelador/a 8 Diplomado/a traballo social 1 Técnico/a medio/a igualdade 1 Técnico/a xestión 1 Técnico/a relacións laborais 1 Técnico/a medio/a sistemas 1 Programador/a informática 2 Inspector/a principal Policía local 1 Sarxento extinción incendios 1 Cabo extinción incendios 4 Bombeiro/a 7 Policía local
				<b>Laboral</b>	1 Capataz 13 Oficiais de oficios 3 Axudantes de oficios

## 10. OUTRAS NOVAS: RPT IET, XORNADAS SEGURIDADE PÚBLICA, FORMACIÓN, BONO CONCILIA, CALENDARIO LABORAL 2017


### [AGASP - DOG, 3 DE MAIO](#)

Resolución do 15 de abril de 2016 pola que se convocan as **Xornadas sobre o novo marco xurídico para a seguridade pública**.



Destinatarios/as: Persoal da Unidade da Policía Adscrita á Comunidade Autónoma, dos corpos de policía local de Galicia, da Garda Civil e da Policía Nacional, persoal de protección civil, do servizos de emerxencia e interesados en xeral.

o prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación **rematará o día 20 de maio** de 2016.



## [INAP - BOE, 3 DE MAIO](#)

Resolución de 27 de abril de 2016, del INAP, por la que se convocan **acciones formativas on line de apoyo a la preparación de las pruebas selectivas para acceso, por promoción interna, a diversos Cuerpos de la Administración General del Estado.**

El plazo de presentación de solicitudes será de **quince días naturales.**



## [CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 2 DE MAIO](#)

Resolución do 22 de abril de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de abril de 2016 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo do **Instituto de Estudos do Territorio.**

## [CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - DOG, 29 DE ABRIL](#)

Orde do 20 de abril de 2016 pola que se regulan as **axudas económicas** para a atención da **primeira infancia en escolas infantís 0-3** non sostidas con fondos públicos, a través do programa **Bono Concilia**, e se procede á súa convocatoria



## [CONSELLO DA XUNTA - 4 DE MAIO](#)

Informe sobre o calendario laboral galego 2017.

## 11. THE WEEKLY PRESS

[Los inspectores de salud pública irán a la huelga a partir del próximo día 18](#) LA VOZ DE GALICIA

[Farmacéuticos de salud pública formalizan un aviso de huelga](#) EL CORREO GALLEGO

[La Xunta repite plan antiincendios y se fija como objetivo bajar de 700 fuegos](#) LA VOZ DE GALICIA

[Os sindicatos advirten dunha campaña contra os lumes "complicada" pola falta de efectivos](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[Los jóvenes gallegos priman ser funcionarios antes que emprender, al revés que en España](#) FARO DE VIGO

[CSIF reclama una "regeneración democrática" de los sindicatos](#) EUROPA PRESS

[España necesita un pacto de Estado para despolitizar la Administración pública](#) LA NUEVA ESPAÑA

[El fin de una era sindical](#) EL PAÍS

[Un Primero de Mayo con CC.OO. y UGT en plena transformación](#) ABC

[CCOO Y UGT cobran tres millones por delegados en empresas que cerraron](#) LA RAZÓN

[A Xunta recúa e renuncia ao peche do Consorcio de Benestar seis anos despois de aprobalo](#) PRAZA

[Case todos os días suicídase un galego e Galicia carece de plan de prevención](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[Entrevista a Núñez Feijóo: "Nuestro rival no es un PSOE débil ni una Marea antitodo, es la abstención y la fuga a Ciudadanos"](#) FARO DE VIGO



[El Sergas reclama 885.000 euros por obras del Cunqueiro al Concello, que rechaza pagarlas](#) FARO DE VIGO

[El Gobierno central denunciará el sistema de contratación de Carmena](#) ABC

[Cinco investigados por la contratación de la cuñada de Carmela Silva](#) EL PAÍS

[Santiago, condenado a indemnizar ou readmitir a xefa de prensa do PP local](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[Declaran improcedente el despido por parte del Concello de una asesora del grupo municipal del PP](#) LA VOZ DE GALICIA

## Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)



**CSI-F Unión Provincial A Coruña**  
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.  
15008 A Coruña  
Tel. 981 134 113  
Fax: 981 060 324  
coruna@csi-f.es

**CSI-F Unión Provincial Lugo**  
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior  
27003 Lugo  
Tel. 982 250 169 982 254 859  
Fax: 982 245 521  
lugo@csi-f.es

**CSI-F Unión Provincial Pontevedra**  
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan  
36001 Pontevedra  
Tel. 986 896 900  
Fax: 986 896 901  
pontevedra@csi-f.es

**CSI-F Unión Provincial Ourense**  
Rúa Progreso, 145 - Entre chan  
32003 Ourense  
Tel. 988 241 111  
Fax: 988 213 538  
ourense@csi-f.es

**CSI-F Unión Autónoma Galicia**  
Rúa do Valiño, 65 - baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140  
galicia@csi-f.es

**A CORUÑA**

**SANTIAGO**

**PONTEVEDRA**

**LUGO**

**OURENSE**

[www.heraldtoupeiras.es](http://www.heraldtoupeiras.es)



2016

